

ELECCIONES DE CAMBIO OU ELECCIONES DE CONTINUIDADE?

Fermín Bouza

No estado

O dilema eleccións de cambio/eleccións de continuidade non ten unha contestación que sirva para todo o estado sen ocultar outros procesos nas diversas autonomías. Nunha primeira aproximación as elección no conxunto do estado non amosan un cambio de pautas de voto xeneralizadas. Nese sentido, estamos diante dunha elección de *continuidade*, que non ten un grande significado no que se refire aos dous partidos maioritarios de carácter estatal (PP, PSOE), que manteñen as súas prazas e, eventualmente, medran ou perden diversas porcentaxes de voto. Na **Táboa 2** pode verse como se vai traducir isto en números, e cómo uns e outros obteñen melloras ou perdas, sen variar o equilibrio do sistema de voto. Estes dous partidos amosan tamén as súas carencias: o PSOE derrúbase en Madrid e o PP é incapaz de progresar nas prazas ás que se dirixe co seu discurso mais ben catastrófico, e perde terreo en Galicia, en Euskadi, en Canarias, en Baleares, e non progresa suficiente en Navarra ou en Cataluña. Madrid aparece como o principal factor de vitoria (se contamos o maior número de votos nas municipais no cómputo global) para o PP, xunto con Valencia e a abstención, sendo ésta, a abstención, a máis perigosa sombra de futuro para todo o conxunto da esquerda.

Con todo, non hai un cambio significativo que nos faga definir estas elección, no estado como eleccións de *cambio*. O PP debe apuntar que todo o seu esforzo por transmitir a idea de que *España se hunde* non tivo ningún éxito en terra allea, e que o PSOE perde onde perde e non progresa onde non progresa por dúas razóns principais: os seus problemas histórico-estructurais (que son ben seus, ben propios, sen nada que ver coa mensaxe do PP) en Madrid e Valencia, e a abstención (Cataluña). E o PSOE non pode esquecer que a súa comunicación pública deixa moito que desexar e deixa aberta a porta, de momento, da abstención, e mañá quen sabe. As cousas hai que explicalas ben, e quizais fallaron explicacións suficientes en temas moi sensíbeis como o

Terrorismo e a Inmigración. No intre no que ETA comunica que deixa a tregua, esta comunicación pública faise mais e mais necesaria, pois a xente quere entender e quere participar dalgún xeito no debate público.

En Galicia

Tampouco en Galicia os cambios nas pautas de voto son tan abraiantes que permitan falar decididamente destas eleccións municipais como eleccións de *cambio*, pero algo diso hai, e parecen mais preto do cambio que da continuidade. Pode observarse na **Táboa 1** que o retroceso global do PP (-1,65%/253) é soportábel para este partido, pero anuncia certo risco nas eleccións autonómicas futuras. É certo que se dan algúns fenómenos importantes: o PP perde o goberno urbano en Ferrol, Ourense e Vigo, e deixa de mandar en tódalas sete cidades grandes de Galicia. Pero medra na Coruña, Pontevedra, Santiago e Vigo, anque retrocede en Ourense e se mantén en Lugo e Ferrol. Qué quere dicir isto? Probabelmente asistimos a unha certa normalización das porcentaxes da dereita galega unha vez desaparecido o fenómeno *catch-all* do vazquismo na Coruña e pequenos fenómenos similares noutros sitios. É como se se estiivera a producir unha *reubicación de voto* a partir dos cambios propiciados no seu momento polo populismo fraguista e vazquista, entre outros. De momento, esta reubicación favorece ao conxunto da esquerda en algunha medida, que compensa aquí o que perde alí, e dese xeito o BNG avanza nas vilas o que perde nas cidades, e amplía as súas posibilidades de mando a mais sitios. Do mesmo xeito, o PSdG, agora con algún recorte nalgunha cidade e medrando noutras, tamén abre o seu dominio a novos lugares, equilibrándose a presenza duns e doutros a través da estrutura territorial galega, sen que se poida falar xa moito de partidos urbanos e rurais: todos están en todas partes, nun complexo no de interaccións entre votantes e partidos.

Eleccións, pois, de *cambio*, anque moderado, se ben con certa significación estrutural e de fluxos de voto.

O eixo de cambio presente e futuro esta a ser a coalición PSdeG-BNG, que ten nas mans a posibilidade de apoiar os cambios precisos para que a fase

central do desenvolvemento galego na que nos atopamos sexa eficiente e sostíbel, e que poidamos ver claras as diferencias entre uns e outros á hora de dar solucións aos problemas mais concretos. Nesa esperanza está unha maioría importante do electorado galego.

TÁBOA 1

Fluxo e saldo de voto Eleccións Municipais 2003-2007 en Galicia. Datos 2003: Ministerio do Interior. Datos 2007: provisionais. Amarelo: retrocesos. Branco: avances.

% VOTO VÁLIDO					
E Nº CONCELLEIROS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
2003	36,65%	48,1%	52,45	39,9	41,49%
<i>PP</i>	587	428	586	441	2.042
2003	29,35	31,77%	22,64	23,96	27,04%
<i>PSDG</i>	334	204	192	197	927
2003	19,2%	14,26	17,56	22,7	19,41%
<i>BNG</i>	211	89	122	173	595
2007	34,57	42,13	46,96	42,17	39,84%
<i>PP</i>	518	344	502	425	1.789
2007	29,58	35,1	27,47	26,39	29,04%
<i>PSDG</i>	377	259	247	234	1.117
2007	19,32	16,53	18,77	20,25	19,15%
<i>BNG</i>	238	101	150	172	661
SALDOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
2003/2007	-2,08	-5,97	-5,49	+2,27	-1,65%
<i>PP</i>	-69	-84	-84	-16	-253
2003/2007	+0,23	+3,33	+4,83	+2,43	+2%
<i>PSDG</i>	+43	+55	+55	+37	+190
2003/2007	+0,12	+2,27	+1,21	-2,45	-0,26
<i>BNG</i>	+27	+12	+28	-1	+66

TÁBOA 2

Fluxo e saldo de voto (PSOE/PP) nas Eleccións Municipais 2003-2007 para o conxunto do estado. Datos 2003: Ministerio do Interior. Datos 2007: provisionais. **Símbolos:** Gaña e avanza o PSOE (branco sobre negro). Gaña o PP e avanza o PSOE (amarelo sobre negro). Gaña e avanza o PP (branco sobre gris). Gaña o PSOE e avanza o PP (amarelo sobre gris)

FLUXOS ESTATAIS 2003-2007 (PSOE/PP)	DIFERENCIA DE VOTO	DIFERENCIA DE VOTO	DIFERENCIAS PSOE/PP
	PSOE/PP. 2003	PSOE/PP. 2007	2003/2007
ANDALUCÍA	286.798	327.780	+40.982
ARAGÓN	42.181	56.530	+14.349
ASTURIAS	-5.038	3.295	+8.333
CANARIAS	25.721	91.274	+65.553
PAÍS VASCO	38.642	88.240	+49.598
CAS. E LEÓN	-152.010	-144.645	+7.365
GALICIA	-242.265	-177.830	+64.435
ILLES BALEARES	-83.678	-58.376	+25.302
A RIOXA	-13.445	-11.126	+2.319
MELILLA	-12.075	-10.855	+1.220
CANTABRIA	-30.934	-47.130	-16.196
CEUTA	-17.992	-19.499	-1.507
COM.VALENCIANA	-198.336	-292.483	-94.141
MADRID	-259.729	-516.525	-256.796
NAVARRA	-37.160	-47.757	-10.597
REX. DE MURCIA	-117.141	-147.933	-30.792
CAS. LA MANCHA	94.804	57.000	-37.804
CATALUÑA	743.298	640.867	-102.431
EXTREMADURA	61.771	53.782	-7.989